

PROPOSTA DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E IMPLANTACIÓN DUNHA AMPLIACIÓN DA INFRAESTRUTURA DE SERVIDORES PARA A SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, COFINACIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL DENTRO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020

1. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

As ofertas valoraranse mediante os seguintes criterios:

A. CRITERIOS NON CUANTIFICABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES

Valoraranse nese apartado os seguintes aspectos:

A.1. Características técnicas (Ata 25 puntos)

Neste apartado valoraranse as características técnicas e prestacións do equipamento ofertado de cara ao óptimo funcionamento da infraestrutura de servidores dentro do alcance do proxecto, a partir dos resumos de prestacións significativas do equipamento, a exposición e descrición de funcionalidades e a documentación técnica incorporada.

Aplicarase o seguinte reparto nas puntuacións:

- a) Capacidade e rendemento do sistema de almacenamento en disco sobre o mínimo establecido no prego (12 puntos).
- b) Rendemento da infraestrutura hardware de servidores, tendo en conta a mellora no número e características técnicas dos compoñentes, coma os servidores, os procesadores, a memoria, ou os equipos de conmutación. (8 puntos)
- c) Fiabilidade, tolerancia a fallos e seguridade, tendo en conta aspectos que melloren estes parámetros con respecto ao previsto pola solución técnica do prego (5 puntos).

A.2. Integración e solución global (Ata 5 puntos)

Neste apartado valoraranse a integración e as funcionalidades transversais dos elementos que conforman os diferentes ámbitos da oferta, así como a enxeñería da solución global proposta para acadar a renovación tecnolóxica da infraestrutura de servidores.

A.3. Plan de execución e seguimento do proxecto (Ata 5 puntos)

Neste apartado valorarase o plan de traballo previsto na oferta para a instalación, configuración, posta en marcha e axuste da infraestrutura de servidores, a planificación

temporal do proxecto, a asignación dos recursos, os acordos de nivel de servizo e as ferramentas, métodos e técnicas relativas ao seguimento e control do proxecto.

B. CRITERIOS CUANTIFICABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES

B.1. Prezo do contrato (Ata 50 puntos)

Para o cálculo da puntuación (P_O) aplicaranse as fórmulas que se indican de seguido, e que asignan a máxima puntuación á oferta que presenta a maior baixa económica sobre o orzamento de licitación e puntuacións proporcionais ao resto, tendo en conta previamente o seu peso con respecto ao orzamento de licitación.

- a) Establécese a puntuación P_R que se asignará á oferta con maior baixa económica, mediante a seguinte fórmula que ten en conta o seu peso con respecto ao orzamento de licitación.

$$P_R = \text{Min}(B_R, B_{MAX}) / B_R * P_{MAX}$$

- P_R é a puntuación que se aplicará á oferta con maior baixa económica
- B_R é a baixa de referencia, igual a 23.553,72 euros (15% do orzamento)
- B_{MAX} é a máxima baixa económica de entre todas as válidas
- P_{MAX} é a puntuación máxima asignada ao criterio no prego, igual a 50 puntos
- $\text{Min}(a, b)$ é o valor mínimo entre os parámetros a e b indicados

Aplicando esta fórmula, a puntuación P_R que se asignará á mellor oferta, será:

- A máxima establecida polo prego para este criterio (P_{MAX}) cando a maior baixa económica ofertada (B_{MAX}) sexa igual ou superior á baixa de referencia (B_R).
 - Unha puntuación reducida proporcionalmente, cando a maior baixa económica ofertada sexa inferior á baixa de referencia (B_R).
- b) Establécese a puntuación P_O de cada oferta aplicando a seguinte fórmula, que asigna a puntuación P_R á oferta con maior baixa económica e puntuacións proporcionais ao resto.

$$P_O = B_O / B_{MAX} * P_R$$

Onde:

- P_O é a puntuación obtida pola oferta o
- B_O é a baixa económica da oferta o con respecto ao orzamento de licitación
- B_{MAX} é a maior baixa económica de entre as ofertas válidas
- P_R é a puntuación asignada á oferta con maior baixa económica

B.2. Extensión do período de garantía (Ata 10 puntos)

Neste apartado valorarase o incremento do prazo de garantía sobre o mínimo de dous anos establecido, outorgando 5 puntos por cada ano adicional ata un máximo de dous anos adicionais.

B.3. Bolsas de horas de formación adicional (Ata 5 puntos)

Neste apartado asignarase para cada unha das bolsas de formación que se enumeran de seguido, a máxima puntuación indicada en cada caso ás ofertas que a inclúan nas condicións establecidas no prego técnico, e puntuación nula ao resto. A formación, que estará dirixida ao persoal técnico do servizo de Informática, terá nivel avanzado, de carácter práctico, e será impartida por persoal cualificado e especializado nas materias.

- Bolsa de 50 horas sobre administración avanzada sobre a solución subministrada (Ata 2,5 puntos)
- Bolsa de 50 horas sobre seguridade en infraestrutura de servidores, aplicación do Esquema Nacional de Seguridade e protección de datos de carácter persoal (Ata 2,5 puntos).

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2018

O xefe de servizo de Informática

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro